

QUE É UNHA TARXETA?

Unha tarxeta é unha forma de pagar que funciona como unha liña de crédito.

Isto significa que tes unha cantidade de diñeiro dispoñible que podes usar cando o precises.

Cando pago coa tarxeta, uso o meu diñeiro?

Non.

Cando pagas coa tarxeta non usas o diñeiro que tes na túa conta, e tampouco usas os teus aforros.

Podes facer compras sen gastar o teu diñeiro. Iso si: só podes usala até o límite que teñas dispoñible.

Por exemplo:

Se atúa tarxeta ten un límite de 3.000 € e xa usaches 1.000 €, aínda che quedan 2.000 € dispoñibles.

Podes usar ese diñeiro para comprar, ir ao cine, saír a comer ou viaxar.

Como se devolve o diñeiro da tarxeta?

É importante saber que as tarxetas teñen diferentes formas de pagamento.

A forma na que devolves o diñeiro pódela elixir ti.

Ademais, podes cambiala cando queiras, sen ningún custo extra.

Porén, debes ter en conta unha cousa importante: algunhas formas de pagamento teñen gastos, que se chaman **xuros**.

Por iso cómpre informarse ben antes de elixir.

Formas de pagamento da tarxeta

Existen 3 formas principais de pagamento.

1. PAGAMENTO A FIN DE MES

É a forma máis utilizada.

Con esta opción, pagas a final de mes todo o diñeiro que gastaches ese mes.

Esta forma de pagamento normalmente non ten xuros nin gastos.

2. PAGAMENTO APRAZADO (*REVOLVING*)

Con esta forma de pagamento,
cada mes pagas só unha parte do que debes,
e o resto séguelo pagando nos meses seguintes.

Ti podes elixir canto pagar cada mes,
pero debe ser polo menos a cantidade mínima
que aparece no contrato.

Esta opción pode ser útil
se fas unha compra grande
e queres devolver o diñeiro aos poucos.

Con todo, debes saber que:
o pagamento aprazado (*revolving*) ten xuros.

Por iso, canto maior sexa a cota mensual,
máis rápido terminarás de pagar
e menos xuros pagarás.

3. PAGAMENTO FRACCIONADO

O pagamento fraccionado serve para dividir unha compra en varios meses.

Por exemplo, podes fraccionar unha compra e pagala en 3, 6, 10 ou máis meses (segundo o que che ofrezca o banco).

Para poder facelo, debes ter seleccionada a forma de pagamento «fin de mes» na túa tarxeta e pedir o fraccionamento cando o precises.

Debes ter en conta que:
o pagamento fraccionado tamén ten xuros.

Consello final

As tarxetas pódense usar en case todos os establecementos do mundo.

Pódese usar por internet, co móbil, coa tableta ou co ordenador.

As compras son seguras e evitan que teñas que levar diñeiro en efectivo.

Non obstante, para usar ben unha tarxeta, cómpre:

- controlares os teus gastos,
- coñeceres as formas de pagamento,
- e elixires a opción que máis che conveña.